AFAES PORTA NOVA

# BOLETÍN

afaesferrol@mundo-r.com
www.feafesportanova.org

INVERNO 2015

Nº 9

## CONTIDOS


- *Celebración da Semana da Saúde Mental en Afaes Porta Nova*
- *Accións formativas en Afes Porta Nova*
- *Mostra Cinema e Sociedade*
- *Narón renova o compromiso de colaboración con Afaes*
- *Axudas económicas*
- *Actividades realizadas nos últimos meses*
- *Afaes busca medios económicos para aumentar os servizos residenciais.*
- *Afaes participa en "Cantupín: canto e pintura inclusivos".*
- *Cambio de nome da entidade.*


## CELEBRACIÓN DA SEMANA DA SAÚDE MENTAL DE AFAES PORTA NOVA

Un ano máis puxemos en marcha a campaña do Día Mundial da Saúde Mental, que foi o pasado **10 de Outubro**. O lema este ano foi **"Ponte no meu lugar. Conecta comigo",** para iso preparamos unha serie de actos que pasamos a comentarvos a continuación:

- Xornada de portas abertas desde o luns 5 ao venres 9 de outubro

- Celebración do magosto o mércores 7.

- Sesións de exposicións sobre artigos elaborados nos talleres ocupacións e sesións de divulgación en distintos centros sanitarios, sociais, comerciais e culturais (en horario de 10 a 13 horas):

- Luns 5: entrada da Residencia Arquitecto Marcide
- Martes 6: Hospital Naval e Concello de Cerdido
- Xoves 8: Parque Ferrol e H. Juan Cardona
- Venres 9: Alcampo Ferrol

- No centro cultural Galería Sargadelos:

- do luns 5 ao sábado 10: exposición de pintura e artigos dos talleres ocupacionales:
- o xoves 8 en horario de 19:30 a 21:30 charla divulgativa sobre a entidade AFAES Porta Nova.

- Sesión do Programa Mentalízate no IES de Ortigueira, promovida por SS.SS do concello. Data e hora: venres 9 ás 12:20 horas con alumnos de 1° e 2° da ESO

- Visita institucional dos representantes de servizos sociais dos Concellos de Ferrol e Narón:

- Martes 6 ás 10 horas, Yolanda Martínez Xefa do Servizo Sociocomunitario de Narón e a Concelleira de Igualdade Teresa Sabio.



# ACCIÓNS FORMATIVAS EN AFAES PORTA NOVA

Durante estes últimos meses leváronse a cabo en AFAES varias accións formativas:

## CURSO DE XARDINERÍA E LIMPEZA DE XARDINS E CURSO DE LAVANDERÍA INDUSTRIAL

AFAES Porta Nova, impartiu dúas accións formativas subvencionadas pola Xunta de Galicia, Consellería de Politica Social e cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo, en base as axudas reguladas na Orde 2 de xuño de 2015 para os anos 2015 e 2016 para a promoción de actividades de servizos comunitarios e inclusión social (DOG nº 108, de 10 de xuño de 2015).

Trátase dun Curso de Xardinería e Limpeza de Xardíns (subvencionado con 9.132,00 €) de 158 horas que comezou o pasado 19 de outubro e que se prolongou ata o 27 de novembro. Para este curso foron seleccionadas 11 persoas, todas elas procedentes do Plan de Inclusión Social de Galicia a través do Equipo Comarcal de As Pontes.

As prácticas fixéronse tanto na finca de AFAES sita nos Vicás, en Narón, como nas instalacións da empresa Arce S.L ( o igual que o ano pasado), e tamén noutros xardíns e cerres privados da zona.

O outro é un "Curso de lavandaría industrial" (subvencionado con 8.524,00 €) de 145 horas que comezou o pasado 26 de outubro e que rematou o vindeiro 27 de novembro. O número de participantes é 8; a metade derivados dende o Equipo Comarcal de As Pontes e a outra metade usuarios do taller ocupacional de lavandaría de AFAES. Realizaronse prácticas internas dentro da lavandaría industrial do Centro Ocupacional Porta Nova, e tamén externas, por segundo ano, nas instalacións de Geriatros en Naron.

A maioría dos alumnos, como xa dixemos, foron derivados dende o Plan de Inclusión Social de Galicia a través do Equipo Comarcal de As Pontes xunto cun grupo mais reducido de participantes da propia entidade AFAES.

As dúas accións formativas son impartidas, nos contidos específicos de xardinería e lavandería, por profesores de taller do Centro Porta Nova, contando coa colaboración de dous técnicos do Equipo Comarcal de As Pontes para impartir os contidos transversais.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Inclusión Social

Fondo Social Europeo
*O FSE inviste no teu futuro*
UNIÓN EUROPEA

## CURSOS FSC INSERTA FUNDACIÓN ONCE

Fundación ONCE
Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"

*"Destacar a enorme satisfacción transmitida polos usuarios de AFAES Porta Nova tanto en relación os contidos coma ó profesorado. Tamén destacar o gran esforzo que estes realizaron por tratarse dun curso realizado*

Durante o pasado mes de outubro realizáronse tres cursos de FSC Inserta (Fundación Once) a través de Feafes Galicia dirixidos a persoas con enfermidade mental. Dous de informática: alfabetización dixital nivel inicial e Alfabetización dixital nivel avanzado e un terceiro curso de orientación laboral: Constrúe o teu camino cara o emprego. A duración dos cursos de informática foi de 25 horas cada un deles e o de orientación laboral de 30 horas. O número total de usuarios en cada acción formativa foi de 13 persoas. O porcentaxe de participación en cada acción formativa en función do dispositivo de procedencia dos participantes foi a seguinte:

Do total de persoas con enfermidade mental derivadas dende AFAES Porta Nova foron 15 as que participaron nos cursos, no caso do Hospital de Día participaron 3 persoas con enfermidade mental (das 4 inicialmente derivadas), e das persoas con enfermidade mental en seguimento co Servizo Oedem de Feafes Galicia 3 realizaron as acción formativas.

Os cursos estiveron impartidos por persoal contratado por FSC Inserta e o lugar de realización dos mesmos foi nunha academia de Ferrol.

## MOSTRA CINEMA E SOCIEDADE

AFAES Porta Nova ven de participar na Mostra **"Cinema e Sociedade"** organizada pola Asociación Cultural Conxeito no concello de Ferrol xunto con diferentes asociacións do ámbito da diversidade funcional. Dende o pasado luns 9 de novembro ata o xoves 12, abordáronse temáticas como o autismo, síndrome de Down, a saúde mental ou a discapacidade física. Mediante a proxección dun documental ou película e o posterior debate tratouse de

Así, o mércores 11 de novembro o responsable de Saúde Mental do CHUF, o director da asociación ASPANEPS (que leva, entre outros, o programa de saúde mental infanto-xuvenil da Área Sanitaria de Ferrol) e a directora de AFAES porta Nova debateron sobre distintas problemáticas que afectan as persoas con enfermidade mental, tanto na infancia como na idade adulta.

*"A Mostra Cinema e Sociedade quixo premiar, nesta edición do 2015, ao actor Javier Gutiérrez, que recibiu o premio Imaxe pola súa implicación social, e a Asociación Grupo Diversidade Funcional de Ferrol, que recibiu o premio Acción Social. "*

## NARÓN RENOVA O COMPROMISO DE COLABORACIÓN CON AFAES

O Concello de Narón renova, o pasado 12 de novembro, o compromiso de colaboración coa entidade AFAES Porta Nova.

*"Mediante sinatura efectuada polo alcalde de Naron José Manuel Blanco e o presidente de AFAES, Félix Pena Calvo. Acto no que tamén estivo presente a concelleira de Promoción Social e Igualdade, Teresa Sabio (responsable do convenio de AFAES)".*

Ábrese unha nova liña de coordinación entre ambos entes que en base a diversas reunións de traballo mantidas, vaise a materializar para o próximo convenio nun incremento de 3000 € na apartación económica municipal.

A Asociación de Familiares Amigos e Persoas con Enfermidade Mental AFAES Porta Nova recibirá unha axuda económica de 7.000 euros da administración local, unha cantidade que a compromete a organizar actividades de intervención social en colaboración e coordinación co departamento municipal de Servizos Sociais e tamén accións formativas destinadas a persoas que se deriven ao Centro de Rehabilitación Psicosocial dende o Servizo Galego de Saúde.

# AXUDAS ECONÓMICAS

As axudas económicas da Deputación da Coruña (6.981,66 €) e da Obra Social la Caixa (33.900 €) permiten que AFAES PORTA NOVA siga fomentando a inclusión sociolaboral das persoas con enfermidade mental crónica.

O proxecto leva como título ***"Ampliación dos talleres formativo-ocupacionais do Centro Ocupacional Porta Nova mediante a reforma e acondicionamento dun espazo como taller de cociña".***

Un aspecto innovador que AFAES Porta Nova introduce neste proxecto é a realización de accións ocupacionais e formativas en colaboración con outra entidade da saúde mental no ámbito infanto-xuvenil; a Asociación de pais e nais de nenos con problemas psicosociais, ASPANEPS.

O proxecto está a desenvolver itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral para persoas con discapacidade intelectual e persoas con trastornos mentais severos que reforcen as súas capacidades e competencias.

Deste xeito beneficiáranse do mesmo arredor de 65 persoas do entorno de Ferrolterra, Eume e Ortegal tendo a oportunidade de participar en diversos talleres formativos e ocupacionais: de lavandería, de costura, de cociña, de serigrafía, nos que se poderán incorpora de forma conxunta usuarios de ambas entidades.

# ACTIVIDADES REALIZADAS NOS ÚLTIMOS MESES

**CAMPIONATO DE PIMPÓN CANGAS DO MORRAZO (1 SETEMBRO):** Gracias ós nosos compañeiros de Doa Cangas e a Feafes Galicia (encargados da organización deste evento) poidemos pasar un bo día en Cangas. No campionato participamos un total de sete asociacións, as cales pasamos un día rodeado de deporte e boa compañía.

**VIAXE IMSERSO A IBIZA (15-22 SETEMBRO):** qué afortunados os que puidemos gozar do bo tempo e coñecer máis a fondo esta bonita illa. Agardamos que no ano que entra poidamos facer de novo estas grandes viaxes.

**CAMIÑO DE SANTIAGO (30 SETEMBRO-2 DE OUTUBRO):** un ano máis gozamos desta experiencia. Percorremos uns 30 kilómetros do camiño francés ata chegar a Santiago.

**MAGOSTO (7 OUTUBRO):** como cada ano celebramos esta festa rodeados de castañas, música e boa compañía.

**XORNADAS DE TEATRO EN DODRO (16 DE OUTUBRO):** os compañeiros de Andaina foron pioneiros na organización deste evento, no cal tivemos o honor de ver as obras de teatro que os rapaces e rapazas de cinco asociacións que pertencen a FEAFES Galicia nos tiñan preparadas. Unha xornada chea de boa compañía e moito bo humor.

## AFAES BUSCA MEDIOS ECONÓMICOS PARA AUMENTAR OS SERVIZOS RESIDENCIAIS

AFAES PORTA NOVA busca medios económicos para aumentar os servizos residenciais en beneficio das persoas afectadas dun trastorno mental severo na área sanitaria de Ferrol.

***Presentación do proxecto de unidade residencial ante o presidente da Deputación de A Coruña.***

Entrevista co Presidente da Deputación de A Coruña, Valentín González Formoso, convocada o día 3 de novembro na sede da institución provincial, solicitada pola entidade AFAES Porta Nova, para presentar ante o representante provincial o proxecto de creación na area sanitaria de Ferrol, dunha Unidade Residencial ou Minirresidencia con capacidade para 25 persoas con enfermidade mental e pedir a súa colaboración económica.

Acoden a esta cita o asesor técnico do proxecto, e por parte de AFAES o presidente, o tesoureiro e a directora. Neste primeiro encontro o representante da Deputación de A Coruña, mostrou receptividade e sensibilidade ante a finalidade do proxecto e en xeral, sen pechar ningún acordo, manifestouse un bo entendemento entre as partes e por parte do Presidente unha actitude de compromiso coas necesidades económicas expostas polos representantes da entidade AFAES Porta Nova.

Deputación DA CORUÑA

## AFAES PARTICIPA EN "CANTUPÍN: CANTO E PINTURA INCLUSIVOS"

Mediante a proposta da Asociación Sociocultural de Minusválidos Físicos de Narón, participamos na exposición "Cantupín: canto e pintura inclusivos", que tivo lugar na Sala de Exposicións da Autoridade Portuaria de Ferrol entre os días 20 e 28 de outubro. Aportamos á exposición 10 obras realizadas por usuarios do taller de pintura de AFAES. A continuación mostrámosvos una mostra das obras de arte que realizan os nosos usuarios

## CAMBIO DE NOME DA ENTIDADE

A nosa asociación súmase a tendencia marcada pola Confederación Salud Mental España (antes FEAFES) e Saúde Mental-FEAFES Galicia de remarcar a positividade da nosa misión: a defensa da **SAÚDE MENTAL** en tódolos ámbitos (social, educativo, sanitario, legal, etc.).

Por este motivo, queremos que todos os socios sexades partícipes desta iniciativa e contribuiades coas vosas propostas para actualizar ou modificar o nome da nosa entidade.

A idea é elixir un nome que non resulte excluínte ou propio dunha soa zona xeográfica, pois como sabedes a nosa asociación presta asistencia aos 20 concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

A principios do próximo ano convocaremos os socios, familiares e usuarios a unha reunión extraordinaria para ter a conformidade de todos os que queirades participar neste momento transcendental para a entidade.

**CRPL NARÓN**
**Rúa Río Sil, 1-3,Baixo (Piñeiros)**
**15570 Narón**
**Tfno.:981388992 Fax: 981393018**
**E-mail:afaesferrol@mundo-r.com**
**Web:feafesportanova.org**

**CRPL CERDIDO**
**Escola da Avispeira, lugar de Porto s/n, 15569, Cerdido**

**CENTRO OCUPACIONAL**
**Rúa Río Sil, 2-4,Baixo (Piñeiros)**
**15570 Narón**

SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA

Concello de As Pontes

Síguenos en facebook

A.F.A.E.S Porta Nova